

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE OUTUBRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:09 horas do día 4 de outubro de 2012, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo (que se incorpora á sesión a partir das 18:31 no punto 4º da orde do día), dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Sejjido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas de data 5 de xullo de 2012, 2 de agosto de 2012, 20 de agosto de 2012 e 28 de setembro de 2012

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.

2. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 858/2012 á 934/2012

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 2º trimestre de 2012 sobre o cumprimento das previsións establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Dáse conta, dándose os concelleiros por informados, do seguinte informe de intervención e tesourería do que se deu conta na Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica de 24.9.2012:

“INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA

Asunto: Informe de Intervención e Tesourería sobre o cumprimento das previsións establecidas na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, relativo ó segundo trimestre do ano 2012.

I.Normativa.

-Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

-Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

-Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, regulador do rexime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

II.Informe.

Primeiro.- O artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no seu apartado un, establece que se modifica o apartado 4 do artigo 200 da lei de contratos do sector público que pasa a ter a seguinte redacción:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.”

En relación a este prazo de trinta días, o artigo terceiro da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, no seu apartado terceiro, indica o seguinte:

“(…)

Tres. Se añade una nueva disposición transitoria octava con la siguiente redacción:

“Disposición transitoria octava. Plazos a los que se refiere el artículo 200 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 200 de esta Ley, en la redacción dada por el artículo tercero de la Ley de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta disposición y el 31 de diciembre de 2010 el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta y cinco días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será

dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.”

E por outra banda o artigo quinto, nos seus apartados 1, 2, e 3 da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, relativo ó rexistro de facturas nas Administracións Locais dispón que:

“Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones Locales.

1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.

(...)”.

Segundo.- O artigo cuarto da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, establece nos seus apartados 3, 4 e 5 que:

“(...)”

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos

Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades Locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.”

E a maiores o apartado 4 do artigo quinto da lei 15/2010, do 5 de xullo, dispón que:

“(…)

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuída la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.”

Polo tanto en cumprimento do anteriormente disposto, e en virtude das competencias atribuídas polos artigos 4, 5 e 6 do R.D.1174/1987, do 18 de setembro, esta Intervención e Tesourería proceden a informar o seguinte:

1.- A información requirida relativa ó 2º trimestre do ano 2012, de conformidade co disposto na lei 15/2010, do 5 de xullo, e na “Guía para la elaboración de los informes trimestrales que las entidades locales han de remitir al Ministerio de Economía y Hacienda, en cumplimiento del artículo 4 de la Ley 15/2010, de 5 de julio”, extraeuse do programa de contabilidade municipal Ágora, e recóllese nos documentos que se adxuntan ó presente informe. Dacordo coa mesma o número total de pagos pendentes ó final do 2º trimestre do ano 2012 nos que se está incumprindo o prazo é de 418, e a contía global dos mesmos é de 545.692,26.-euros.

2.- De acordo coa normativa anteriormente exposta, lémbrese a obriga, recollida na lei 15/2010, do 5 de xullo, de remisión en todo caso do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda (vía telemática a través da Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales, segundo indicación da Dirección General de coordinación financiera con las comunidades autónomas y con las entidades locales) e, ós órganos competentes da Xunta de Galicia que teñan atribuída, con arranxo ó Estatuto de Autonomía, a tutela financeira das Entidades locais, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local.

Este é o informe que emitimos, salvo erro ou omisión involuntaria na aplicación e/o interpretación da normativa aplicable, sen perxuízo de calqueira outro mellor fundado en Dereito.

Fene, 06 de setembro de 2012.

A Interventora Accidental,

A Tesoureira,

Asdo.:M^a Milagros López Álvarez.

Asdo.:M^a Ángeles Vivero Fresco.”

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG en relación coa Impugnación do Real decreto-lei 24/2012 que legaliza a fraude das participacións preferentes

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica de 24.9.2012:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Real Decreto-Lei 24/2012, de 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito supón a legalización da estafa das participacións preferentes, na que foron vítimas milleiros de persoas subscritoras, en moitos casos pequenas e pequenos aforradores, deste produto financeiro.

O devandito Real Decreto-Lei concédelle poderes excepcionais ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), creando unha lexislación a propósito e especialmente para que poida reestruturar o sector financeiro ao seu arbitrio, mesmo aínda que sexan entidades solventes. De acordo con esta norma, só se salvarán as entidades sistémicas, os grandes bancos de ámbito estatal, co que se abre a vía á liquidación da entidade sistémica para Galiza, NGBanco, procedente da fusión das caixas de aforros galegas, cuxo futuro resulta imprescindible para evitar o espolio do noso aforro.

Ademais, en base ás facultades excepcionais concedidas ao FROB, permite que dito Fondo poida mudar unilateralmente as condicións pactadas nas participacións preferentes ou outros instrumentos financeiros análogos contratados, mesmo impondo cambios obrigatorios por outros produtos financeiros, co que as persoas subscritoras de participacións preferentes poden ter que asumir perdas de até un 70% a respecto do valor inicial desas participacións e só poderán percibir polos seus activos o valor de mercado máis como máximo un 10%. Dese xeito, como xa se adiantara no Memorando asinado coa UE para percibir as axudas dirixidas a reestruturar o sector financeiro do Estado español, o Goberno asume que pequenas e pequenos aforradores teñan que sufragar unha parte do rescate da banca privada, situándose así claramente do seu lado e virándolle as costas ás vítimas desta fraude.

Xa que logo, está a legalizarse a expropiación dos cartos na súa maior parte de persoas aforradoras, non de especuladores, a través dunha estafa cometida pola banca co engano masivo do que noso concello e en Galiza foron vítimas miles de persoas pequenas aforradoras.

Non só se consolida así a estratexia de sanear as perdas da banca privada con fondos públicos de toda a sociedade, senón que se afonda en deixar libres de toda culpa aos especuladores, ás persoas e entidades que realmente desenvolven unha economía de casino que está na raíz da actual crise, mentres se castiga a quen simplemente mantiña depósitos aforrados nas entidades financeiras.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCION

1. Instar á Xunta de Galiza a interpor recurso de inconstitucionalidade contra o Real Decreto-Lei 24/2012, do 31 de agosto.
2. Instar á Xunta de Galiza a personarse na demanda interposta pola Fiscalía Superior de Galiza, apoiando as súas pretensións.
3. Instar ao Goberno do Estado a que exclúa ás persoas aforradoras subscritoras de participacións preferentes ou débeda subordinada das quitas ou canxes obrigatorios previstos no RD-Lei 24/2012.
4. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a adoptar as medidas precisas para garantir a devolución íntegra do investido ás persoas aforradoras en participacións preferentes e débeda subordinada en entidades financeiras.
5. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.>>

Inicia o turno de debate o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que manifesta que a moción vai contra o Real Decreto-lei 24/2012, tratando de frear esta norma que vén dar cobertura a quen enganou e a deixar sen cobertura ás persoas enganadas, xa que agora se lles reteñen os cartos investidos para darllos ás entidades financeiras; en definitiva, do que se trata é de garantir a devolución íntegra dos cartos para aquelas persoas que así o requiran.

A continuación fai uso da palabra o voceiro de grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, que anuncia o voto positivo porque entende que este é un dos maiores escándalos financeiros que lembra neste país nos últimos anos.

Di que non comparte a solución que adoptou o PP neste Real Decreto-Lei, porque supón facer culpables aos cidadáns da sinatura das preferentes e que se teña que renunciar aos cartos investidos, cando entende que podía haber unha parte de subscritores destes produtos que o fixeron conscientemente, con coñecemento dos riscos, pero que tamén está de sobra demostrado que hai unha inmensa maioría de cidadáns que asinaron este tipo de participacións pensando que se trataba dun produto a prazo fixo.

Prosegue dicindo que en Fene hai varios veciños afectados e que, é tan claro que se enganou á cidadanía, que a propia Fiscalía iniciou unha causa; por iso, non entende que o goberno do Estado non o teña tan claro e decida optar por esta solución tan favorable para os bancos, máxime nun ano coma este no que se está a rescatar a moitas entidades financeiras e no que se lle vai pedir cartos á UE para poder reflotalas, un préstamo cuxos xuros terán que pagar durante décadas todos os cidadáns deste país, ademais de estarmos a sufrir uns recortes para pagar iso.

Seméllalle incomprendible que non se lle esixa ás entidades bancarias a devolución deses cartos aos pequenos aforradores, considerando que se debe esixir ás entidades bancarias que devolvan o 100% dos cartos.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia o seu voto favorable e di que considera isto unha estafa na que o goberno debe ser o primeiro en esixir á banca a devolución da totalidade dos aforros, xa que os cartos son dos aforradores e se debe devolver o 100% cando menos.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que, independentemente de que estean de acordo con que se trata dun dos escándalos financeiros máis importantes dos últimos anos deste país, anuncia a abstención polos puntos que recolle o acordo porque non é certo que o Goberno de España e da Xunta de Galicia se desentendan deste tema; ademais de que é unha herdanza do goberno anterior, no que o goberno socialista permitiu legalizar a existencia destes produtos financeiros e que se trata dun tema que está xudicializado e é nos tribunais onde se ten que solucionar.

Engade que a día de hoxe xa se recuperaron 77 millóns de euros e que Galicia é a única Comunidade Autónoma que ofreceu unha saída aos estafados destes produtos, habéndose atendido xa 30.000 reclamacións que supoñen uns 25 millóns de euros; que entenden que a arbitrase que se está levando a cabo funciona e reitera que é no xulgado onde se deben resolver as fraudes e que a vontade do Partido Popular, tanto de Galicia como de España, é a de apoiar aos afectados e buscarlles unha solución.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que as participacións preferentes existen dende hai moitos anos, pero que no ano 2011 houbo unha directriz do Banco de España para parar a compravenda deste tipo de produtos porque vulneraba o mercado de valores. Cre que este é un problema das entidades financeiras, no que o Banco de España mirou para outro

lado e no que o PP non fixo nada dende decembro de 2011 ata hoxe, xa que se se mira a arbitraxe a fondo, pódese ver que non é máis que facer o que di o Decreto-Lei pero polas boas, para evitar a súa xudicialización.

Considera que o que hai no fondo é que o goberno se pon do lado das entidades financeiras, concedéndolles un marco legal, e que dende o BNG o que ven é que os afectados se seguen a manifestar sempre que poden, xa que hai moita xente que segue cos seus cartos secuestrados nas entidades financieras.

A continuación o voceiro socialista, don Iván Puentes Rivera, fai uso da palabra para dicir, respecto da herdanza recibida, que é certo que a maior parte das participacións se asinaron cando o PP non gobernaba no Estado, pero o goberno socialista non fixo unha lexislación específica que amparase isto e que como moito se pode falar de que houbo unha falla de control e supervisión do Banco de España para detectar ou actuar fronte a este problema, banco no cal hai conselleiros que tamén son do PP e doutras formacións políticas.

Polo tanto, non comparte que isto sexa unha herdanza recibida cando o PP participa no propio Banco de España e cando non advertiu nada antes.

En todo caso, di, agora lle corresponde solucionar os problemas ao PP e o que se critica con esta moción é a solución adoptada polo PP, que a tomou por Real Decreto-Lei e non por Lei, sen debate ningún, buscando a través dela que se favoreza aos cidadáns e non ás entidades financeiras.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que é certo que no Consello de Administración do Banco de España hai representantes de todos os partidos políticos pero tamén é certo que quen controla o Banco é o goberno de España do momento, que é quen nomea ao seu presidente.

Engade que a arbitraxe é unha fórmula que se prevé en moitos temas para paliar os problemas dun xeito satisfactorio para as dúas partes e a Xunta foi a primeira en prevelo, pero que, en todo caso, nada obriga a ningún afectado a acollerse a esta fórmula, podendo acudir á vía xudicial.

Remata dicindo que o que está claro e que neste ano se traballou e se traballa para buscar unha solución o máis satisfactoria posible.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, con 6 abstencións do grupo do PP.

5. Aprobación, se procede, da proposta de modificación dos Estatutos da Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol

Consta no expediente o seguinte ditame favorable pola unanimidade dos concelleiros presentes da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada o 26 de setembro de 2012:

“PUNTO CUARTO.- MOCIÓN URXENTE

Fóra da orde do día o presidente da comisión presenta para o seu ditame a seguinte proposta de acordo remitida dende a Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol:

<<1.- Aceptar a modificación dos Estatutos da Mancomunidade no seguinte sentido:

Artigo 1: Onde di “ os Concellos de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño” debe dicir “ os Concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño”

2.- Comunicar o presente acordo á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol así como á Dirección Xeral de Administración Local para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia>>.”

No turno de debate, fai unha intervención o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que considera a incorporación de Concello de Cabanas como unha boa nova e pensa que cantos máis concellos se adhiran, mellor, xa que así se abaratarán os custes dos servizos prestados.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

6. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para a defensa dos dereitos das mulleres e da libre decisión sobre a súa maternidade

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por 5 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade en sesión ordinaria realizada en data 28 de setembro de 2012:

“MOCIÓN PARA A DEFENSA DOS DEREITOS DAS MULLERES E DA LIBRE DECISIÓN SOBRE A SÚA MATERNIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de setembro celebrouse o Día Mundial da Saúde Sexual. Segundo a OMS a saúde sexual é "un estado de benestar físico, emocional, mental e social, relacionado coa sexualidade, non só a ausencia de

enfermidade, disfunción ou incapacidade". Para que se acade e manteña a saúde sexual, os dereitos sexuais de todas as persoas deben ser respectados, protexidos e exercidos con plenitude.

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, garante para as mulleres a libre decisión sobre a súa maternidade, unha parte fundamental dos dereitos sexuais. O Goberno do Estado vén de manifestar a súa decisión política de recortar de xeito moi grave ese dereito. O BNG tense manifestado en numerosas ocasións en contra deste recorte anunciado, igual que o teñen feito numerosas plataformas e organizacións de mulleres en Galiza e no Estado. O BNG ten asemade reclamado a necesidade de que o Goberno galego elabore unha normativa propia que manteña estas garantías malia as modificacións que se fagan na normativa estatal.

O 28 de setembro celébrase en Latinoamérica dende 1990 o Día de Acción Global para un Aborto Legal, celebración á que este ano 2012 sumarémonos tamén en Galiza. Con motivo destas celebracións, é preciso que novamente as institucións manifesten claramente o seu apoio ao mantemento deste dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo garantido coa lei actual de prazos.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.
2. Demandar do Goberno galego que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.
3. Demandar do Goberno galego o desenvolvemento dunha normativa propia que garanta os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres galegas.
4. O Concello apoia as iniciativas e mobilizacións reivindicativas dos dereitos das mulleres realizadas polas diferentes plataformas e asociacións actantes en Galiza e concretamente as convocadas para o 28 de setembro.
5. Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado."

Inicia o turno de debate o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que, tras dar lectura á moción, di que a referencia ao 28 de setembro xa non ten sentido por ter pasado dita data e que estamos diante dunha moción preventiva, que non gusta ao PP, pero que vén ser resposta a unhas declaracións claramente ideolóxicas do Ministro de Xustiza. Di que o BNG entende que hai que legislar para a sociedade na que se vive e non para unha secta ou unha parte minúscula da sociedade que ten unha ideoloxía determinada. Prosegue dicindo que se fala sempre de liberdade da muller e da súa toma de decisións neste caso e ese é o sentido da moción e polo que piden apoio á mesma.

De seguido intervén o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia o voto a favor do seu grupo, xa que ven como o Goberno do Estado aproveita estes momentos nos que todo o mundo está preocupado polo seu futuro laboral e económico, practicamente por subsistir, para meter polo medio iniciativas para suprimir dereitos aos cidadáns deste país.

Di que no peor dos casos pensou que se voltaría á anterior lei de supostos para abortar, pero o que plantexa o Goberno é voltar aos anos 80 e eliminar o suposto de perigo de malformación do feto por decisión da nai e o propio ben do fillo.

Considera que esta é unha reforma retrógrada, casposa, cuasifranquista, de imposición de moralidade, de traslado da lei relixiosa á pública e regresiva, polo que lle parece gravísima.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona M^a Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia o voto a favor, xa que considera que esta lei nos regresa aos anos 80 ou antes e que é de tipo talibán. Amosa a súa desconformidade coas declaracións do ministro Gallardón cando dixo que as mulleres só se realizan cando son nais ou atenden a unha familia e pensa que esas declaracións deben de respostar ao feito de que na familia do ministro existe ese problema; pola contra, ela entende que as mulleres que a día de hoxe deciden non ter fillos ou non adicarse á familia séntense plenamente realizadas, pero se estas mulleres tiveran como adicación ditos fillos, familia ou fogar, quizais ao Goberno lle viría ben, aparte de para ter as mulleres máis sometidas, para que houbera menos desemprego ou para non ter que ditar leis como a de Dependencia, xa que así as mulleres atenderían aos dependentes.

Engade que considera esta reforma hipócrita porque o aborto existiu sempre e seguirá existindo, mesmo nas filas do PP, e que con ela prívase disto á clase obreira porque quizais non poida pagar as clínicas privadas para abortar.

De seguido intervén a voceira do grupo do PP, dona Rocío Bértoa Puente, que se remite ao dito na páxina 46 da sesión plenaria de xullo respecto da moción presentada sobre o aborto polo PSOE.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, e 6 votos en contra do grupo do PP.

7. Aprobación, se procede, da proposta de Declaración de localidade solidaria co Alzheimer

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por unanimidade dos concelleiros presentes da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade en sesión ordinaria realizada en data 28 de setembro de 2012:

“DECLARACIÓN DE LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER

Conscientes de que o alzheimer é a demencia con maior prevalencia que afecta en Galicia a 400.000 persoas entre enfermos e familiares e que, debido ao aumento da esperanza de vida da poboación, non próximos vinte anos verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia polo especial avellentamento e dispersión da poboación.

Conscientes de que o alzheimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención.

Conscientes de que a abordaxe desta enfermidade –que ten un custo anual medio de máis de 30.000 euros- recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades das persoas enfermas e das súas familias é escasa.

Conscientes de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende os diversos órganos nacionais e internacionais e do recoñecemento da importancia desta problemática na comunidade galega mediante a declaración do ano 2012 Ano Galego do Alzheimer, non existe un plan autonómico especificamente dirixido a paliar os efectos desta enfermidade.

E sabedores/as de que a poboación da nosa localidade está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo Alzheimer).

O Concello quere facer constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude declarándose “Localidade Solidaria co Alzheimer”.

Con este xesto institucional queremos servir de exemplo a outros municipios e apoiar á sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

Ratificando esta Declaración, o noso municipio como “Localidade Solidaria co Alzheimer”, apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha Política de Estado de Alzheimer.”

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

8. Mocións

8.1 Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Mugaros para o subministro de auga á parroquia de San Xoán de Piñeiro-Mugaros

A alcaldía presenta a seguinte moción urxente que consta informada favorablemente por informe conxunto de secretaría e intervención de 2.10.2012 e que queda incorporada á orde do día unha vez que obtén o voto a favor da unanimidade dos concelleiros respecto da súa urxencia:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Mugaros requeriu a colaboración do Concello de Fene de tal forma que se lles permitira conectar a rede xeral de abastecemento de auga potable en Limodre, que se atopa a unha distancia de cinco metros da rede de tuberías instaladas polo Concello de Mugaros, para que este concello dote do servizo aos veciños do núcleo de San Xoán de Piñeiro.

Esta colaboración administrativa favorece a prestación do servizo por parte do Concello de Mugaros, xa que non o pode prestar se non constrúe un depósito regulador municipal con suficiente altura, respecto á rede de distribución, o que resultaría moi custoso tanto para o municipio como para os veciños.

Visto o informe de secretaría e intervención emitido con data 2.10.2012, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 LBRL, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Mugaros para o subministro de auga á parroquia de San Xoán de Piñeiro-Mugaros que se transcribe:

<<CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA O SUBMINISTRO DE AUGA Á PARROQUIA DE SAN XOÁN DE PIÑEIRO-MUGARDOS.

Fene, de dous mil doce.

REUNIDOS

O sr. Alcalde do Concello de Fene, D. Gumersindo Pedro Galego Feal, en nome e representación do referido Concello.

O sr. Alcalde do Concello de Mugaros, D. Xosé Fernández Barcia, en nome e representación do mesmo.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, a teor do previsto no artigo 21.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985, e concordantes do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 61.1 a) da Lei

5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

- I. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece, no seu artigo 25.1, que os municipios poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Xunto a esta declaración xeral de competencias a Lei enumera, no apartado 2 do citado artigo, determinadas materias respecto ás cales os Concellos deben ostentar competencias, e entre outras, a subministración de augas, cualificando, no artigo 26.1.a), o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria por todos os Concellos.

Así mesmo, o artigo 86 da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, declara a reserva a favor das entidades locais de determinadas actividades ou servizos esenciais, entre os que se atopa o abastecemento de augas. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de augas é un servizo público reservado legalmente á competencia das entidades locais.

- II. A citada Lei de bases de réxime local, no seu artigo 57, establece textualmente: “a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban”.

Así mesmo, as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas regúlanse tamén na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, que establece no artigo 195, entre as formas de realizar esta colaboración, a subscrición de convenios.

- III. Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

- IV. Que o municipio de Fene dispón de rede xeral de abastecemento de auga potable en Limodre, rede que se atopa a unha distancia de cinco metros da rede de tuberías instaladas polo Concello de Mugarodos para dotar do servizo aos veciños do núcleo de San Xoán de Piñeiro, servizo que non pode prestar si non constrúe un depósito regulador municipal con suficiente altura, respecto á rede de distribución, o que sería moi custoso tanto para o municipio como para os veciños.

- V. Que un obxectivo fundamental e proritario para os dous concellos é prestar os servizos, non só os mínimos obrigatorios, a tódolos veciños, de xeito que dispoñendo calquera deles das infraestruturas necesarias para a súa prestación non quede ningún veciño dos municipios sin o servizo por razón da distribución ou exercicio de competencias dentro do propio termo municipal, dando así cumprimento á razón da súa existencia, que é prestar cantos servizos públicos contribúan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e promover todas as actuacións que sexan necesarias para garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños.

- VI. No marco dos obxectivos expostos, así como no de optimización dos recursos económicos das administracións locais, e entendendo que a fórmula máis idónea para prestarlles o servizo de abastecemento de auga aos veciños do núcleo de San Xoán de Piñeiro, de Mugarodos, é a conexión da rede de abastecemento de Fene a Mugarodos, os concellos asinantes acordan actuar de xeito coordinado e en colaboración para garantir que os veciños de San Xoán de Piñeiro dispoñan do servizo de abastecemento de auga potable, mediante o presente convenio segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Fene autoriza ao Concello de Mugardos a realizar a conexión da rede de abastecemento de auga de Fene en Limodre a Mugardos para dotar do servizo de abastecemento á parroquia ou núcleo de San Xoán de Piñeiro-Mugardos.

Segunda.- Para dar subministro á rede de abastecemento de Mugardos será necesaria a instalación dun contador que permita rexistrar a cantidade de auga subministrada dende o Concello de Fene.

O custo das obras de conexión e instalación do contador será financiado e contratado polo Concello de Mugardos, e realizado polo concesionario do servizo do Concello de Fene (Aquagest), co que se evitan problemas de conformidade coa boa execución das obras.

Así mesmo serán de conta do Concello de Mugardos os gastos de reparación do citado contador.

Terceira.- O Concello de Fene ou concesionario do servizo, no seu caso, percibirá as tarifas pola prestación do servizo ou subministro, de acordo coas tarifas recollidas na ordenanza fiscal vixente en cada momento e o canon da auga correspondente (tributo autonómico).

Si durante a vixencia do convenio ou a súa prorroga e como consecuencia do aumento da demanda, o Concello de Fene considerase necesario ampliar a capacidade dos depósitos de Vilar de Colo, o Concello de Mugardos e o de Fene contribuirán a financiación das obras na proporción correspondente o seu consumo anual de dita instalación.

Cuarta.- A liquidación dos metros cúbicos subministrados será realizada mediante recibos, de acordo coa lectura do contador instalado, e coa periodicidade (mensual, bimensual, trimestral, etc...) que estableza o Concello de Fene ou a ordenanza fiscal correspondente.

O pago dos recibos farase directamente polo Concello de Mugardos ao concesionario do servizo, a través do procedemento establecido ao efecto na ordenanza fiscal vixente en cada momento.

Quinta.- O Concello de Mugardos comprométese a aceptar a revisión das tarifas e a forma de pago que se establezan por parte do Concello de Fene polo subministro que se establece neste convenio e nas ordenanzas fiscais correspondentes.

Si por calquera causa o contador estivera averiado, sendo imposible a medición do consumo, facturarase a media dos consumos rexistrados polo contador nos últimos seis meses.

Sexta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento, interpretación, resolución de controversias e control deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por un representante de cada Concello.

Esta Comisión actuará sen prexuízo das competencias que legalmente lle correspondan ás partes.

Sétima.- Vixencia e duración.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa aprobación/ratificación polo órgano competente de cada concello, e extenderá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2.032, entendéndose prorrogado tacitamente por periodos de cinco anos, si non se denuncia por calquera das partes con tres meses de antelación á finalización do seu prazo inicial ou das súas prórrogas.

Oitava: Natureza xurídica e xurisdicción competente.

O presente convenio ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Novena.- Extinción.

Por mútuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo subscribindo novo acordo de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación substancial de aspectos non previstos nas súas estipulacións.

Extinguido o convenio polo cumprimento de seu prazo de vixencia ou por mútuo acordo, procederase pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a liquidación das obrigas económicas de cada Concello.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.>>

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao Concello de Mugar dos.

TERCEIRO.- A formalización do convenio farase efectiva unha vez quede acreditada a aprobación do convenio polo órgano competente do Concello de Mugar dos.

Fene, 3 de outubro de 2012

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal>>

Toma a palabra o alcalde para dicir que Fene dará subministro de auga a Mugar dos a través dos depósitos de Vilar do Colo, debendo aportar economicamente este concello o consumido. Engade que o convenio contempla que, no caso de que houbera que ampliar os depósitos, o Concello de Mugar dos terá que sufragalo proporcionalmente.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

8.2 Moción do grupo municipal do PSOE en relación coas Prestacións económicas ós traballadores/as en situación económica de incapacidade temporal

O grupo municipal socialista presenta a seguinte moción urxente, motivado, segundo o seu voceiro, en que o Real Decreto-lei 20/2012 establece que esta decisión ten que ser adoptada antes do 14 de outubro do presente ano, que queda incorporada á orde do día unha vez que obtén o voto a favor da unanimidade dos concelleiros respecto da súa urxencia:

<<O Grupo municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coas prestacións económicas ós traballadores/as en situación económica de incapacidade temporal, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O Real Decreto 53/1980 de 11 de xaneiro e o Real Decreto Legislativo 1/1994 de 20 de xuño regulan as prestacións económicas ós traballadores/as en situación económica de incapacidade temporal nos seguintes termos:

A) Incapacidade laboral temporal por accidente ou enfermidade profesional

Dende o 1º día da baixa 75% das retribucións básicas

B) Incapacidade laboral temporal por enfermidade común

Do 1º ó 3º día inclusive -

Do 4º ó 20º día inclusive 60 % das retribucións básicas

A partir do 21º inclusive 75 % das retribucións básicas

2.- A maioría dos convenios colectivos privados e das administracións públicas o longo do tempo foron complementando estas condicións, en concreto o Convenio Colectivo do Concello de Fene complementanse ata unha cantidade equivalente o 100% do salario dos traballadores e traballadoras públicas.

3.- O Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade limita significativamente e en perxucio dos traballadores e traballadoras públicas as prestacións económicas por incapacidade temporal, así :

No artigo 9, apartado sete: Suspende os acordos, pactos e convenios que contradigan a nova normativa en canto a complementos das prestación por incapacidade temporal.

No artigo 9, apartado 2, 1º: Establece que será cada administración pública a que determine en canto complementará as prestacións por incapacidade temporal. Que en calquera caso limita no apartado 2, 2º deste mesmo artigo ós topes que se relacionan:

A) Incapacidade laboral temporal por accidente ou enfermidade profesional

Dende o 1º día da baixa ata un máximo do 100 % das retribucións básicas

B) Incapacidade laboral temporal por enfermidade común

Do 1º ó 3º día inclusive ata un máximo do 50 % das retribucións básicas

Do 4º ó 20º día inclusive ata un máximo do 75 % das retribucións básicas

A partir do 21º inclusive ata un máximo do 75 % das retribucións básicas

No artigo 9, apartado 5: Establecese a posibilidade de regular supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se poda alcanzar un máximo do 100 % das retribucións considerando incluídos os supostos de hospitalización e intervención quirúrxica, e deixa aberta a porta a que cada administración estableza outros supostos.

En calquera caso de non se regularse nada non habería ningún complemento.

4.- A Disposición adicional decimoctava do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade establece os complementos retributivos por incapacidade para o persoal funcionario e laboral da administración estatal, nos máximos que permite ese Real Decreto, pero non regula a situación dos traballadoras das demais administración públicas.

5.- A Disposición Transitoria Decimoquinta do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade establece un período máximo de 3 meses, dende a súa publicación, para que as diferentes administración regulen as prestacións económicas na situación de incapacidade temporal, a partir dese prazo o contido do Decreto surtirá todos os seus efectos.

E dicir volverase á situación do ano 1980: os 3 primeiros días non se cobran, ata o 20ª só se cobra o 60% e en adiante só 75 %, para as baixas por enfermidade común e o 75% para as baixas por accidente ou enfermidade laboral.

Feitos:

1.- O vindeiro día 14 de outubro expira o prazo para regular, no Concello de Fene os complementos ás retribucións dos traballadores/as por indemnizacións por incapacidade temporal.

2.- O Goberno do Partido Popular de Fene ata a data non ten feito nada co obxecto de evitar os gravísimos perxucios que a non regulación tería para os seus traballadores/as.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1.- Convocar con carácter de urxencia a Mesa de Negociación cos traballadores do Concello de Fene para abordar esta cuestión e defender as mellores condicións posibles para estes.

2.- Convocar un pleno extraordinario con anterioridade suficiente ó remate do prazo legal para regular en tempo e forma as retribucións dos traballadores/as do Concello de Fene por incapacidade laboral temporal.>>

Inicia o turno de debate o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que a maioría dos convenios privados e das Administracións Públicas, entre eles o de Fene, complementaban as retribucións ao 100 % en situacións de incapacidade temporal dos traballadores, pero o PP co Real Decreto-Lei 20/2012 limita significativamente as coberturas en caso de baixa laboral, suspendendo aqueles convenios que contradigan a normativa e dispoñendo que será cada Administración Pública, baixo uns límites, a que determine en canto complementará estas incapacidades e ofrecendo tamén a posibilidade de que regulen uns supostos excepcionais nos que se pode chegar ao 100 % de complemento.

Di que a DA 15ª do RDLei establece un máximo de tres meses para adoptar estes acordos e, de non adoptarse, non haberá ningún complemento, facéndose entón efectivo o contido en dita disposición legal.

Engade que ata o día de hoxe o goberno municipal non ten adoptado ningún acordo, motivo polo que esta moción pide que se convoque unha mesa de negociación con carácter urxente e, en segundo lugar, un pleno extraordinario para regular en tempo e forma as retribucións dos traballadores do concello.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que manifesta que o seu grupo coincide coa idea da proposta e pide ao equipo de goberno información de se ten avanzado algo ao respecto. Engade que hai unha pequena marxe de manobra para regular isto, inda que non compartan que se teña que negociar un recorte, polo que é o goberno municipal o que ten que estirar a lei ao máximo para que a xente non sufra máis recortes salariais, inda por riba de ter enfermidades.

De seguido intervén a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que manifesta o seu apoio á moción e considera lamentable que o goberno municipal non tivera xa feito algo, emprazando a que se pague aos traballadores todo o que lles corresponde.

Por parte do grupo do PP, toma a palabra a súa voceira, dona Rocío Aurora Bértola Puente, que anuncia o voto a favor do seu grupo e di que na última mesa de negociación, na que se deu traslado de toda a documentación para regular o convenio aos partidos políticos e Comité de Empresa, se dixo que había que

adoptar un acordo ao respecto deste asunto, trasladándolle aos traballadores que fixeran a súa proposta, da cal o equipo de goberno inda hoxe non ten noticias.

Por parte do grupo socialista, toma a palabra o concelleiro don Antón Lois Noceda Carballo, que agradece o voto a favor da moción pero di non ver razoables as explicacións do equipo de goberno, xa que, inda que é certo que se entregou documentación e se informou disto na mesa de negociación, non se dixo aos sindicatos que había un prazo de tres meses para adoptar esta decisión, algo que si sabía o goberno municipal.

Di que o prazo para adoptar esta decisión expira en dez días e non cabe un olvido deste asunto por parte do equipo de goberno que está a este escaso prazo de deixar aos seus traballadores na peor das condicións, xa que está a pagar case dous millóns de pesetas a unha empresa para asesorar sobre este tipo de asuntos e, se hai un olvido, habería que rescindir dito contrato coa empresa.

Considera que non pode haber boa fe neste tema por parte do goberno municipal cando se espera a que os traballadores se estrelen, nin por parte do Goberno do Estado que regula nunha esquiniña da norma dictada este prazo para a adopción do acordo.

En nome do seu grupo valora que se teña a intención de emendar esta cuestión, pero pide que se convoque de inmediato aos traballadores para negociar as cuestións negociables e que se asuma e cumpra o compromiso que foi defendido na última reunión da mesa de negociación de que o goberno municipal defendería que os traballadores estiveran nas mellores condicións posibles.

Por parte do grupo do PP, toma a palabra a súa voceira, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que reitera que este asunto era un punto que ía na orde do día da última mesa de negociación e critica que o concelleiro don Antón Lois Noceda Carballo, antigo concelleiro delegado de persoal, fale da situación na que se atopan os traballadores, co “parcheado” que el lle fixo ao convenio, co que se atopan totalmente desprotexidos.

Engade que a vontade do equipo de goberno foi transmitida na mesa de negociación, que era a de dar a maior cobertura aos traballadores e, explicada dita vontade á outra parte da mesa de negociación, pediuse que esta fixera a súa proposta, que é o que se fai nunha negociación, e a día de hoxe, inda non está feita.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

9. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo socialista fai os seguintes rogos e preguntas:

-¿En qué situación están as cesións do camiño da Trabanca en Limodre? ¿Falaron cos propietarios?
¿Aceptaron as cesións? O alcalde contesta que non ceden.

-¿Como quedou a matrícula na Galescola? ¿Está feito o cálculo do desembolso das familias? ¿Quedaron prazas libres?

A concelleira dona Juana Barro Couto contesta que só quedan 5 prazas para nenos de 2 a 3 anos e que non ven que haxa menos nenos pola suba de taxas, senón polo paro.

-Roga que se amañen os desperfectos da rúa Queiroga, camiño do Sartego, cruce camiño do Sartego con Casavella, o camiño do colector que conecta Vilar do Colo con Limodre, estrada da Palma, San Marcos, rúa Baixa en Perlío, camiño de Mundín, camiño das Chancas.

-Roga se lle dea copia do convenio do plan de conservación da Deputación e da Xunta e que se esixa aos organismos que actúen inmediatamente e manteñan as vías da súa titularidade en condicións.

O alcalde manifesta o seu abraio sobre estes dous últimos rogos, porque, inda que recolle os rogos, non lle parece apropiado que se pida que se reparen desperfectos como os de Gas Natural, tendo en conta como o anterior goberno socialista deixou os camiños e tendo o actual goberno que executar cinco POS, entendendo, polo tanto, que non é desdeñable o labor do actual equipo de goberno en canto a camiños.

-Roga que se atenda a queixa dun veciña en Xurreira, Barallobre, para que se faga a base dun colector.

-Roga que se amañen as cunetas da parroquia de Barallobre, das que se queixan os veciños, que están atascadas debido ás labores de desbroce.

-Roga que se amañe no camiño de Carballás as cunetas e o pavimento e, en Chamoso, que se amañen as fochancas e se faga unha limpeza de camiños.

- Critica o lamentable estado dos camiños en xeral do concello e pregunta se se ten pensado facer e, se é así, cando, un plan de amaño de fochancas, de desbroce e mantemento de cunetas na totalidade do concello.

En canto ás cunetas, o alcalde di que o tractor desbroza mañá e tarde, que nunca se recolleu toda a maleza e que o desbroce se fai coma sempre; engade que no pleno pasado se trouxo un proxecto para tratar cunetas de camiños e o grupo socialista abstívose, polo que non ve admisible que agora reclamen.

-Critica como lamentable a prestación de servizos no centro de saúde, que está en outubro sen dentista, matrona e farmacéutica, e pregunta se o equipo de goberno fixo algunha xestión na Xunta pedindo que se substitúa aos traballadores.

O alcalde contesta que o voceiro socialista leva varios plenos solicitando información sobre as xestións feitas polo equipo de goberno sobre este tema, pero cre que sendo o voceiro o anterior alcalde, ten máis

información. Afirmar que as queixas que ten o goberno municipal non son tan extensas e non sabe se as que ten o voceiro se deben a que goza de información privilexiada.

-Roga que se lle facilite un planning de ocupación do campo de fútbol dos Pinares.

A concelleira dona Rocío Bértoa Puente di que se facilitará unha copia do planning pechado mañá no buzón de cada grupo político.

-¿Por que non se lle deixa usar ao equipo de fútbol feminino de Maniños o campo de fútbol dos Pinares, tendo que ir a Centieiras?

A concelleira dona Rocío Bértoa Puente di que non sabe por que o equipo non utiliza o campo, que dende a concellaría danse unhas horas aos clubs, non aos equipos, para que os distribúan como queiran. Considera que o equipo feminino está contento co trato recibido polo equipo de goberno e a súa concellaría e engade que foi arranxado un vestiario para elas soas na pista de Maniños e lles deixa a maiores a pista de fútbol 7 de Centieiras.

-¿Cando se vai traer ao pleno para a súa aprobación un regulamento de uso do campo de fútbol dos Pinares? ¿Que empresa se encarga do mantemento e limpeza deste campo? ¿En que horas se fan ditos traballos e se abre o campo?

A concelleira dona Rocío Bértoa Puente di que hai pouco tempo que se enterou da proposta levada á Comisión e pregúntase por que non foi levada a un pleno, entendendo que algún defecto terá.

Engade que é Eulen a empresa encargada da limpeza do campo.

-¿Funciona o ascensor do pavillón da Xunqueira? Se non, ¿por que? A concelleira dona Rocío Bértoa Puente di que acaba de asinarse a acta de recepción e que era necesario dar de alta a liña telefónica, decidíndose retrasalo ata setembro por un problema con Telefónica, dado que se paga por trimestres. A día de hoxe di que está funcionando.

-Roga que se fale coa empresa que fixo as obras de urbanización de beirarrúas no bloque XII de San Valentín para que deixe o mesmo rebaixe que hai no resto dos bloques para acceder aos baixos.

-Roga que se reduza un pouco a superficie do xardín na beirarrúa onde do Mercadona, xunto ao paso de peóns, xa que a xardiñeira queda xusto onde o rebaixe da beirarrúa e non permite manobrar ben ás escaleiras de rodas.

-Roga que melloren a iluminación entre rúa Moroño e campo de fútbol dos Pinares.

O voceiro do grupo do BNG fai os seguintes rogos e preguntas:

-No BOE aparece unha partida orzamentaria importante para facer escolas infantís e roga ao goberno municipal facer todas as xestións posibles para acadar unha segunda galescola no concello.

O alcalde di que en principio a achega do Ministerio sería para o proxecto que hai para escola de Carril que, de vir, non será rexeitada.

-¿Avanzouse algo na adquisición de terreos para instalar depósitos de auga en Magalofes?

O alcalde di que non hai avance, xa que o titular a quen lle hai que adquirir non ten inscritos os terreos no Rexistro da Propiedade, o cal é preciso, tal e como lle informou a alcaldía, sen que ata esta data teña feito os trámites e sen que amose interés. Considera que chegará un momento en que o concello teña que descartar esa opción e optar por outra ubicación.

-Roga que se axilice o amaño do bombeo de Casas de Castro.

O alcalde di que hai un informe feito de Aquagest e que o enxeñeiro municipal está traballando no tema para ver cal é o problema de fondo.

-Roga que se faga unha proposta de regulamento de bautizos civís.

-Roga que se revisen os parques infantís, sobre todo os elementos de xogo.

-Roga que se vixile a seguridade viaria en Barallobre, estrada da Patria Galega e estrada de San Marcos, mellorando a sinalización.

-Roga que se retome con tempo e tranquilidade a ordenanza de terrazas.

-Pregunta cal é o estado de tramitación do bonobús universitario.

A concelleira dona Rocío Bértola Puente di que estase terminando de baremar, unha vez terminado o prazo de emenda das solicitudes que foi concedido. Engade que se presentaron máis do dobre de solicitudes, polo que cre que os interesados percibirán menor contía que outros anos e que pensa que nesta semana o expediente quedará resolto.

-Roga que se axilice o ente de conservación de Vilar do Colo, xa que o tractor municipal, nos desbroces que fai, está limpando parcelas particulares inda que invadan ás vías públicas.

O alcalde di que el ten un borrador do ente de conservación que está revisando persoalmente, logo será pasado aos grupos e Concello de Cabañas, para o seu exame e presentación de suxerencias.

A voceira do grupo mixto fai os seguintes rogos e preguntas:

-Roga que se retome a ordenanza de zona azul.

O alcalde di que este asunto foi rexeitado polo pleno e que se está estudiando novamente.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que na comisión de agosto díxose que era necesario retomar o tema e se propuxo que os diferentes grupos presentaran propostas, sen que se presentara ningunha.

- Pregunta se se vai convocar con tempo aos grupos para o estudo dos orzamentos.

O alcalde di que levarán o seu trámite correspondente.

-Roga que se limpen os excrementos de cans das Torres I, II e III de S. Valentín, xa que os veciños se queixan de que non se limpan.

O alcalde di que é unha queixa xeneralizada e un problema de civismo.

-Pregunta se se van entregar por escrito as novas ordes dadas á policía local.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que non se remitiron porque non hai novas ordes.

-Roga que se tomen medidas para evitar o uso de venda de drogas e favores sexuais que está tendo lugar, segundo unha queixa que recibiu, na caseta do parque do río Cádavo.

O alcalde di que non hai servizo nocturno da policía e que estes feitos terán que ser denunciados ante a Garda Civil se hai calquera delito.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que non se detectaron incidencias no horario de vixilancia da policía.

-Roga que as notificacións que reciben os concelleiros veñan en tempo e insiste que se envíen por correo electrónico.

-Roga que se amañe o alumeadado na rúa Taboado, xa que non funcionan as luces.

-Pregunta se se sabe algo do cristal roto na marquesiña de Sillobre.

O alcalde di que se reporá.

Finalizado a orde do día, non habendo máis asuntos a tratar, a presidencia declara rematado o, sendo as 19:49 horas, e dá un turno de rogos ao público asistente, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas